


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PMR

Piñeiro do país *Pinus pinaster* Ait. e *Pinus radiata* D. Don.



Piñeiro do país

Pinus pinaster Ait. e *Pinus radiata* D. Don.

MODELO SILVÍCOLA PMR

Produción mixta madeira-resina en piñeirais

1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburcado mecanizado
- Aburcado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** en rexenerados naturais ou plantacións, de 1.100 a 1.300 pés/ha.

3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- Rozas de penetración que permitan o desprazamento das persoas que vaian facer o resinado e diminúan a carga de combustible.



MODELO SILVÍCOLA PMR

ESPECIE: *Pinus pinaster* Ait., *Pinus radiata* D. Don.

OBXECTIVO: produción mixta madeira-resina

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: costeiros de Pontevedra (XVII, XVIII, XIX), da Coruña (IV) e do sur da provincia de Ourense (XII, XIV, XV)



Máis información do modelo

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** poda baixa de todos os pés aos 7-12 anos. Tratamento de restos no 50 % das entreliñas.
- **Desmestas:** antes dos 5 anos en rexenerados naturais ata chegar a unha densidade de 1.100-1.300 pés/ha.
- **Rareas:**
 - Rarea forte dos 350 pés/ha máis delgados aos 15-20 anos. Trituración de restos ou retirada para o seu aproveitamento.
 - Segunda rarea aos 25-30 anos sobre os 350 pés/ha abertos en resinación.
- **Método de resinación:** compatible co destino de madeira de serra.
- **Resinación:** previa á segunda rarea durante 3 anos sobre 350 pés/ha que se extraerán en rareas. Resinación previa á corta final sobre os 400 pés/ha restantes, durante 3-5 anos.

5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** a quendas de 40 a 45 anos. 400 pés/ha.
- **Métodos de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos. Trituración ou retirada de restos.